

COMUNICADO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA VACANTE DE XEFE DE SERVIZOS Á CIDADANÍA NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2011.

Concluído o proceso selectivo, o aspirante proposto, será nomeados funcionario de carreira por resolución do alcalde unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

O nomeamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa toma de posesión unha vez practicada a notificación persoal do nomeamento.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de un mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento: previamente deberán prometer o xurar o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril. De non tomar posesión no prazo indicado os nomeados quedarán na situación de cesantes, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

Ó ser nomeado para a provisión dunha praza polo sistema de promoción interna deberán tomar posesión da mesma no prazo de dez días contados dende o día seguinte á notificación do nomeamento.

Por dilixencia, farase constar na toma de posesión a manifestación do interesado de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como de non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro e orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio. De estar a desenvolver unha actividade incompatible coa nova, terá que optar por unha delas dentro do prazo da toma de posesión.

O tribunal